

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2025/150

En Ribeira de Piquín, a 31 de decembro de 2025.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun/dunha administrativo/a.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.

De conformidade co expediente de provisión de un/unha administrativo/a, como persoal temporal, a xornada completa (100% xornada), cunha duración de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución da Presidencia núm. 2025/0144, de data 15 de decembro de 2025.

Visto que con data 18 de decembro de 2025 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 289, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Vista a Resolución de Presidencia núm. 2025/0147, de data 29 de decembro de 2025, polo que se aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos de dito proceso selectivo, concedendo un prazo de un (1) día hábil para a emenda de documentación polas persoas candidatas excluídas.

Rematado o prazo de emenda e analizada a documentación presentada polas persoas candidatas excluídas, tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/as seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Castañal González, Silvia	***4942**	SI
Fernández Álvarez, Lorena	***8061**	SI

LISTA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidenta: Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

D. Miguel Fernández Labrada, Enxeñeiro Agrícola da Fundación Terreo (Lugo).

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dña. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretaria:

Dña. M^a Del Pilar Tella Mazoy, Secretaria-Interventora da Fundación Terreo (Lugo).

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o 2 de xaneiro de 2026, ás 9:30 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 10:00 horas do día 2 de xaneiro de 2026, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederase seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación municipal "TerrEo" na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 31 de decembro do 2025. Do cal como Secretaria, Dou Fe.

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,
Presidente.

Asdo.: Dña. Pilar Tella Mazoy,
Secretaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE